

O PENSAMENTO DE SAMAÍN



José Manuel
Vázquez González
3º ESO CPI Pecalama

Un bo día, unha rapaza nova camiñaba cara á escola absorta nos seus pensamentos, cando de súpeto, atopou unha nena que levaba un bonito vestido de cor branco e unha chaqueta vermella. Estaba sentada na beirarrúa, con aspecto triste e desolado.

A rapaza, que xa chegaba tarde á escola, tivo a tentación de seguir adiante, pero as bágoas da nena emocionárona, e entón parou, e preguntoulle que lle pasaba; e ela díxolle que estaba perdida.

Non puido deixala alí soa, e mentres lle enxugaba as bágoas das meixelas, díxolle unhas palabras de consolo e prometeulle acompañala á casa. Ao cabo, chegaba tarde á escola e polo menos sería por unha boa causa.

Preguntoulle se sabía onde vivía e a nena só lle soubo dicir que a súa casa tiña unha cerdeira na entrada que tiña flores todo o ano. A moza sabía exactamente de que casa lle falaba. A do vello Merlín, chamábanlle así polo seu longo cabelo branco.

Acompañou á pequena ata a porta da casa e alí despediuse dela. Cando ía camiño da escola, deuse conta de que levaba a chaqueta da nena consigo. Pola tarde, foi á casa do vello Merlín para devolverlla. Chamou á porta e saíu un ancián de aspecto canso e con voz sosegada:

- Que bota de menos moza?

- Traiolle a chaqueta da túa neta, acompañeina a casa esta mañá, porque estaba perdida, espero que estea ben.

- A miña neta? Morreu hai moitos anos, saíu a xogar a noite de Samaín co seu pequeno vestido branco e a chaqueta vermella e nunca máis volveu.